



## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>			
<b>MATERIA: Inglés</b>		<b>NIVEL:4º</b>	
<b>MESTRA/E RESPONSABLE:Lidia Brenlla LópezB</b>			
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Competencia</b>	<b>Criterio de cualificación (% mínimo a acadar)</b>
B1.1. Comprender a idea global e a información máis importantes en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.	PLEB1.1. Comprende o sentido e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.	CL	2%
B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves.	CL	2%
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	CL	2%
B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1 Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de fora oral.	CL	2%



## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá onde se fala a lingua estranxeira e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente	SC	1%
B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.	PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.	CL SC	1%

### 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b>  1. Observacións sistemáticas a través de aplicacións telemáticas. 2. Análise de producións escritas.
	<b>Instrumentos:</b>  1. Listas de control de realización de actividades propostas. 2. Análise de traballo proposto ao alumnado. 3. Resolución de exercicios e actividades propostas.
<b>Cualificación final</b>	A avaliación será continua e terá como finalidade ben a recuperación da materia non superada en trimestres anteriores, ou tamén poderá mellorar tendo en conta o traballo elaborado por cada alumno neste terceiro trimestre.



## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As actividades que se propoñen poden ser interactivas e autoavaliáveis ou poden ser tarefas escritas que logo correximos e reenviamos. Tamén se aportan solucionarios.</p> <p>O alumnado con ACS e o alumnado que ata o de agora non superou a materia, recibe tarefas adaptadas e persoalizadas a través de correo electrónico.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>A metodoloxía está sustentada no uso das plataformas blinklearning e liveworksheets e no deseño de actividades propias. A planificación é semanal. Cada luns súbense as tarefas na páxina web do centro e aparecen publicadas nun cadro xunto coas tarefas dos titores e o resto de especialistas.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Blinklearning ( plataforma habilitada pola editorial Oxford) Liveworksheets Tareas e actividades deseñadas Libro de clase ( Rooftops Class Book) e libro de exercicios ( Rooftops Activity Book)</p>



## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Mantense a comunicación coas familias e o reenvío de tarefas correxidas a través do correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamaia/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamaia/</a>